CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

DECRETO 019/2009.

CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA

En virtude do disposto nos artigos 21.1.c) e 46.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, 41.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais, en consonancia co artigo 210.2.a) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia **RESOLVO CONVOCAR** Sesión deste Concello en Pleno Extraordinario e urxente a celebrar na Casa da Cultura do Concello, na hora e data indicados e con suxeición a Orde do Día que se indica, motivándose a urxencia da sesión na recepción, aínda onte, da documentación necesaria para tramitar debidamente o acordo, e a que o prazo de solicitude da subvención remata o vindeiro venres.

Clase de Sesión.....	**EXTRAORDINARIA E URXENTE**
Data da Sesión:.....	**30 de xaneiro de 2009**
Hora de celebración en primeira convocatoria:.....	**08:30 horas**
(a mesma hora, dous días despois en segunda convocatoria)	

ORDE DO DÍA

1. **RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.**
2. **PLAN ESPECIAL DE PARQUES INFANTÍS 2009.**

Notifíquese esta Resolución ós Señores Concelleiros e publíquese no Taboleiro de Anuncios de este Concello. A partir desta data teñen a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello.

En MESÍA, a 28 de xaneiro de 2009.

	Ante min,
O ALCALDE,	O SECRETARIO,
D Mariano Iglesias Castro.	D Eladio Bendaña Pardo.

CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 30 DE XANEIRO DE 2009.

ALCALDE:
D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

CONCELLEIRO/AS:
D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE
D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE
Dª Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE
D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE
D. José Fernando García Lesta PSdeG – PSOE
D. Severino Álvarez Monteserín. PP
D. Adolfo Grobas Vázquez PP
D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG
D. Manoel Bello Salvado. BNG

Non asiste e se excusa:
Dª María José Quindimil Suárez. PP

SECRETARIO :
D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 30 de xaneiro de 2009, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

Comeza o Sr. Alcalde dicindo que, en primeiro lugar, procede ratificar a urxencia da sesión, que ven motivada porque o equipo técnico ó que se lle encargou o proxecto non o trouxo ó concello xunto co resto da documentación precisa ata o pasado día 28 de xaneiro, día en que se lles convocou a todos vostedes, e mañá remata o prazo para solicitar a subvención.

Non habendo intervencións, de seguido, o Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da sesión, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes. Queda, en consecuencia, estimada a urxencia consonte ó artigo 46.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

2. PLAN ESPECIAL DE PARQUES INFANTÍS 2009

O Secretario fai lectura da proposta, da que o seu teor literal di:

"PROPOSTA AO PLENO

D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.º Participar no Plan especial de parques infantís 2009, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, polo que solicita a realización do investimento que se indica de seguido:

DENOMINACIÓN	***ORZAMENTO TOTAL***	***ACHEGA MUNICIPAL***	***ACHEGA PROVINCIAL***
PARQUE INFANTIL EN PRAZA DE MESÍA E OUTROS	*70.288,09 €*	*10.543,21 €*	*59.744,88 €*

2.º Aprobar o correspondente proxecto técnico da obra previsto no apartado 1º.

3.º Para o financiamento do importe da achega municipal con cargo aos seus propios recursos, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

4.º Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución das obras.

5.º Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento ou investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a suma total non supere o 100% do seu importe.

6.º Autorizase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa seguridade social.

7.º Facultar ao alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.

Mesía, 27 de xaneiro de 2009 Asdo.: Mariano Iglesias Castro"

Comeza o Sr. Alcalde explicando brevemente o contido das actuacións proxectadas, manifestando que en Castro non había ningunha instalación deste tipo, mellor dito, o que había está xa obsoleto e moi deteriorado, sendo un perigo xusto diante da escola. A actuación en Cumbraos, onde non había nada, vaise a realizar onde xa se fixo a pista ó aire libre. En canto á actuación da praza pública de Mesía, trátase de dotar de contido a esa praza para atraer a presenza dos nenos.

De seguido, o Alcalde pasa a palabra, en primeiro lugar, ó grupo municipal do BNG.

Toma a palabra o Sr. Pedreira Candal, quen manifesta a súa conformidade e pregunta si se vai facer algo similar na parroquia de Visantoña. Resposta o Sr. Alcalde que si que tiñamos previsto ubicalo na praza onde se fai a festa pero ó final non nos pareceu que tivese xeito porque a propia praza xa se queda pequena cando se fai a festa. Un dos posibles sitios é nas Brañas, pero esperamos a que primeiro se poña en funcionamento a instalación que hai alí.

A continuación o Sr. Alcalde pasa a palabra ó voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Álvarez Monteserín, quen manifesta a súa conformidade, engadindo que agora só falta que haxa rapaces.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o acordo a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as oito horas e cincuenta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.